



Isaías Calvo de la Uz, secretario do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader),

Certifico:

Que o Consello de Dirección de Agader, na súa reunión do vinte e tres de marzo de dous mil doce, aprobou o seguinte acordo:

“Ao abeiro da alínea Dous.l) da disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, engadida pola Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, adóptase o seguinte acordo:

As cesións pactadas de mutuo acordo entre a persoa titular do predio e a terceira persoa interesada na cesión, previstas no artigo 18.2 a) da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, están exentas do réxime de prazos aprobados polo Consello de Dirección de Agader do 20 de decembro de 2011 para presentar as solicitudes de cesión.”

A acta do citado Consello de Dirección está pendente de aprobación nunha xuntanza posterior.

E para que conste, asino esta certificación en Santiago de Compostela, a tres de maio de dous mil doce.

Vº e praxe

A presidenta de Agader



Rosa María Quintana Carballo

O secretario xeral de Agader



Isaías Calvo de la Uz